

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 16 de xaneiro de 2012**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González

**NON ASISTEN:**

D. Carlos López Font  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e cincuenta e un minuto do día dezaseis de xaneiro de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local acctal., Sr. Lorenzo Penela, a interventora xeral acctal., Sra. Hernández Vidal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(39).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a urxencia da sesión.

**2(40).- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “MELLORA DE BEIRARRÚAS NA AVDA. CASTELAO, ENTRE OS NÚMEROS 1 E 9”. Expte. 2051/443.**

O xefe da Área de Fomento, con data 16 de xaneiro de 2012, formula o seguinte informe-proposta:

“OBRA: Mellora da beirarrúa na Avda. Castelao, entre o núm. 1 e o núm. 9”. Expte. 1982/443.

Localidade e situación: AVDA. CASTELAO.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. JORGE MUÑOZ RAMA

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

Contratista titular do plan: ORESA, S.L.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. JORGE MUÑOZ RAMA

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. JORGE MUÑOZ RAMA

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. JOAQUÍN BERMÚDEZ PÉREZ (ORESAS, S.L.)

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou compoñentes da dirección facultativa da obra: D. ROBERTO PÉREZ PROL Titulación: ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construción e Demolición: ORESA, S.L.

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

- Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, do 19 de marzo.

- Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo RD 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á dirección facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo RD 105/2008, para propoñer a súa aceptación.

Na súa consecuencia, proponse o seguinte:

Primeiro.- Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "MELLORA DA BEIRARRÚA NA AVDA. CASTELAO, ENTRE O Nº 1 E O Nº 9".

Segundo.- Aceptar o plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Terceiro.- Nomear como dirección facultativa da obra aos técnicos municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria ORESA, S.L. , a cal a súa vez, xunto co plan de seguridade e saúde, dará conta á autoridade laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, do 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervenientes ou concorrentes na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997)."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no anterior informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.